Firmado por: ***373*** - MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO (FECHA: 2026-09-02 11:08:55.00)
(FECHA: 2026-09-02 13:53:56.00) , ***779*** - MARIA ARANZAZU SASTRE CARRACEDO
CVD: 8R9YDI+ul54VRNy+HR9B
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TESOURERÍA MUNICIPAL.

INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL XERAL PARA 2027.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local.

- Real Decreto-Lexislativo 781/86, de 18 de Abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

- Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamiento do sector público por medios electrónicos.

- Real Decreto-Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Real-Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación.

- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

ANTECEDENTES:

- Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Lugo.

INFORME:

Visto o texto da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Lugo, por esta Tesourería propónse a seguinte modificación á mesma:

ÚNICA. O artigo 24 regula a responsabilidade solidaria e subsidiaria, establecendo no seu apartado 8 as cantidades por debaixo das cales, por motivos de eficacia, eficiencia e proporcionalidade, non se procede a derivar a acción de cobro. Na modificación aprobada para o exercicio 2025 incluíronse neste artigo as débedas por sancións de tráfico. Dada a especificidade destes expedientes executivos, considérase axeitado neste momento incluir no texto da Ordenanza Fiscal Xeral a interpretación que deste límite debe facerse e que é acorde coa explicación do mesmo que se incluiu no informe xustificativo emitido por esta Tesourería con motivo da modificación que se levou a cabo para o exercicio 2025.

En consecuencia, considérase necesaria a seguinte modificación, quedando redatado o artigo 24.8 como segue:

«8. Para respectar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios empregados para a súa realización, e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos disponibles e de economía e eficacia na xestión recadatoria na tramitación dos expedientes de derivación da acción de cobro a terceiras

persoas distintas da que figura na providencia de constrinximento, non se procederá a tal derivación cando o importe principal pendente da débeda tributaria sexa inferior ás cuantías que a continuación se relacionan:

DERIVACIÓN A ADMINISTRADORES	*1.000,00 €*
DERIVACIÓN POR CONTINUIDADE DE EXPLOTACIÓN	*1.000,00 €*
DERIVACIÓN POR AFECCION DE IBI	*1.000,00 €*
DERIVACIÓN DE AUGA	*1.000,00 €*
SANCIÓNS DE TRÁFICO	*1.000,00 €*

No caso dos expedientes de derivación de sancións de tráfico o limite fixado en 1.000,00 €, serao con respecto á débeda total que resulte aplicable o vehículo cuxo responsable é o propietario, non o importe total do expediente executivo aberto ao infractor, dado que poden existir sancións de tráfico cometidas por vehículos conducidos polo mesmo infractor pero pertencentes a distintos propietarios».

Lugo, na data da sinatura dixital.

A Tesoureira.

Mª. Aránzazu Sastre Carracedo.

Conforme, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal.

Mª. del Mar Carballas Piñeiro.